

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **DEZASEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **DONA OFELIA REY RECIMIL** e a concelleira **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO** e da Interventora municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**
D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3^o.- CONTRATACIÓN.-

4^o.- SUBVENCIONS.-

5^o.- URBANISMO.-

6^o.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondentes ás sesións do 26 de outubro de 2007.

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito Taelpo Telecom S.L., Rexistro de Entrada nº 7344, de data 15 de novembro de 2007, indicando que Orange (France Telecom) foi adxudicataria da licenza de telefonía móbil ofertada polo Ministerio de Industria según a Orden ITC/954/2005, de 12 de

abril. Que a concesión de dita licencia supón, por parte da operadora, un compromiso de proporcionar cobertura de telefonía móbil a unha serie de núcleos de poboación, correspondendo a este Concello o núcleo de Vilar. Que, comprobándose os emprazamentos adecuados para a colocación dunha antena de telefonía móbil estes están afectados pola obra do AVE; polo que solicita ó Concello, para súa presentación ante o Ministerio de Industria, xustificante de que o motivo polo que non se leva a cabo o despliegue en dita ubicación e por estar esta afectada polas obras do AVE.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo á oficina técnica municipal para que emita informe sobre a afectación indicada.

2.2.- Escrito de Dº Eugenio Manuel Pereira Calo, en calidade de administrador único da mercantil “Pereira Calo, Eugenio Manuel 00181376Z SLNE”, Rexistro de Entrada nº 7347, de data 15 de novembro de 2007, solicitando cambio de titularidade da actividade de Café-Bar e Pensión no establecemento sito en Chapa, nº 2 e que con anterioridade figuraba a nome de Hostelería de Silleda, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó solicitante que deberá presentar copia da licenza de actividade do local, escrito do titular da actividade conforme accede o cambio de titularidade, e que comprobado o arquivo municipal non aparece ningunha licenza de actividade a nome de Hostelería de Silleda, S.L.

2.3.- Escrito de Dº Eusebio Manuel Pereira Calo, en representación da entidade “Eusebio Manuel Pereira Calo, SLNE”, Rexistro de Entrada nº 7379, de data 16 de novembro de 2007, solicitando licenza de apertura a nome de Hostal Tris-Tras, para actividade de Café-Bar situado na parroquia de Chapa, nº 2 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar o peticionario que aclare o seu escrito, xa que no punto 2.2. desta sesión solicítase o cambio de titularidade do mesmo establecemento.

2.4.- Escrito do Presidente da Mancomunidade “Terras de Deza”, Rexistro de Entrada nº 7370, de data 16 de novembro de 2007, solicitando que por parte do Concello se fagan efectivas as achegas correspondentes aos exercicios 2006 e 2007, sendo a cantidade a aportar por cada un destes anos de 22.200,00 □□□.

A Xunta de Goberno Local, á vista de que non existen partidas nos orzamentos dos anos 2006 e 2007, acorda remitir este escrito a Intervención para buscar unha solución.

2.5.- Escrito da Subdirección Xeral de Estradas-Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 7352, de data 16 de novembro de 2007, comunicando que examinada a valoración remitida por este Concello en data novembro de 2007, referente á reposición de servizos afectados con motivo das obras de “Reforma do acondicionamento da estrada PO-201 Silleda-Laro” clave PO/98/070.01.1.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.6.- Escrito do Subdelegado de Defensa na Provincia de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7355, de data 16 de novembro de 2007, comunicando que os vindeiros días 27 e 28 de novembro de 2007, persoal do exército de terra desplazarase a este municipio para levar a cabo unha campaña de información dirixida a xóvenes maiores de 18 anos sobre as forzas armadas profesionais.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que procedan a poñerse en contacto co solicitante para proceder a reservar o espacio necesario e poder levar a cabo esta campaña.

2.7.- Escrito da Directora da Escola de Educación Infantil de Escuadro, Rexistro de Entrada nº 7362, de data 16 de novembro de 2007, solicitando se proceda á revisión do extintor da escola, instalado no ano 2000.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Obras para que se poña en contacto coa empresa encargado do mantemento dos extintores e proceda á revisión do mesmo.

2.8.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 7259, de data 13 de novembro de 2007, remitindo copia da resolución do director xeral de Patrimonio Cultural na que se autoriza á arqueóloga D^a Paz Blanco Sanmartín para realización dun control e seguimento arqueolóxico na L.A.T. 66 Kv S.T. parque eólico Couto de San Sebastián-S.T. Portodemouros nos concellos de Silleda e Vila de Cruces (Pontevedra e Touro e Arzúa (A Coruña).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.9.- Escrito da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 7150, de data 06 de novembro de 2007, comunicando que por este organismo procederase a publicar no DOG o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 11 de outubro de 2007, relativo á aprobación do proxecto sectorial do “Parque Eólico Couto de San Sebastián”, expediente IN661A 99/1-4.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.10.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 7179, de data 07 de novembro de 2007, remitindo copia de resolución, de data 25 de outubro de 2007, pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica consistente en LMT, CT, RBT na rúa Entremesóns en Silleda, solicitada por Hidroeléctrica de Silleda, S.L.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

2.11.- Escrito do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía-Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Rexistro de Entrada nº 7173, de data 07 de novembro de 2007, comunicando a posta en marcha do programa de actuación para a eficiencia enerxética

dirixido especificamente ós concellos, para suministrar ópticas de diodos LED, así como convocatoria de axudas publicada no BOE do pasado día 28 de setembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó electricista municipal.

2.12.- Escrito do Instituto Galego de Consumo-Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 7201, de data 08 de novembro de 2007, remitindo relación de revistas e boletíns que tiveron entrada no Centro de Documentación durante o mes de outubro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á OMIC de Silleda.

2.13.- Escrito da Garda Civil do posto de Silleda, Rexistro de Entrada nº 7200, de data 08 de novembro de 2007, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2007-004661-00000402 por infracción á normativa de residuos contra D^a María Teresa Penela Mato por abandono de vehículo matrícula PO-7224-AT, marca: Toyota, modelo: Corola Sky, na rúa Quintás (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a D^a María Teresa Penela Mato para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo.

2.14.- Escrito da Asociación do Comercio de Silleda, Rexistro de Entrada nº 7265, de data 13 de novembro de 2007, comunicando que, segundo acordo tomado na assemblea anual de socios do día 25 de outubro, a A.C.S.: Asociación de Comerciantes de Silleda, pasa agora a chamarse Asociación ECOS: Asociación de Empresarios e Comerciantes de Silleda..

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.15.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7257, de data 13 de novembro de 2007, polo que se concede a D^o Jesús María Alén Pombo, un caudal de auga de 0,12 l/seg procedente de dous (2) mananciais situados en Bandeira (Silleda), con destino a rega (Clave A36.12717).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.16.- Escrito de Acción Social, Promoción de Emprego e Muller da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7256, de data 13 de novembro de 2007, remitindo resolución pola que se aproba a inclusión no Programa de Teleasistencia Domiciliaria de D^a Carmen López Montero, con domicilio en Martixe, nº 14 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Asistenet Social D^a Celia González Peteiro.

2.17.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 7249, de data 12 de

novembro 2007, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de outubro de 2007 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Aldirez Quintela Yolanda	Rúa de Morón, s/n-1E (Silleda)
Cuiña Maceira Marta	Rúa de Morón, s/n-2D (Silleda)
Carnoto Rey Emilio	Rúa PPO, 14-2B (Bandeira)
Presas Surribas Iván	Rúa Da Estación, 22-4J (Silleda)
Presas Surribas Diego	Rúa Da Estación, 22-4H (Silleda)
Surribas Méndez María Inés	Rúa Da Estación, 22-4I (Silleda)
Fernández Areán José Ramón	Lg. Vilanova, 4Bj (Margaride)
Grela López María del carmen	Rúa República Argentina, 11-4A (Silleda)
Ferreiro Carril Gonzalo	Rúa República Argentina, 11-3A (Silleda)
Golmar Otero José Ramón	Rúa República Argentina, 11-1A (Silleda)
Mosquera Rey José	Rúa República Argentina, 11-2B (Silleda)
Villanueva Porto Miguel	Rúa José Antonio, 56-3D (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

2.18.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 7248, de data 12 de novembro de 2007, Remitindo facturación correspondente ó 3º trimestre de 2007, ascendendo o total de facturación á cantidade de 101.790,15 €.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado desta relación de facturación ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

2.19.- Escrito de Espina y Delfín S.L., rexistro de Entrada nº 7247, de data 12 de novembro de 2007, comunicando que ó día de hoxe atópanse pendente de pago os seguintes recibos:

Referencia	Concepto	Importe € Período	
		Abr-Xuñ/2007	Xull-Sep/2007
21 001463	Pabellón colegio M ^a Inmaculada	48,73	127,27
21 001464	Cementerio Municipal	42,68	42,68
21 000506	Telefónica (Silleda)	42,68	42,68
21 001934	Telefónica (Bandeira)	25,30	25,30

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a Espina y Delfín S.L. que, o concello faixe cargo dos recibos correspondentes a Telefónica (Bandeira e Silleda), por acordo asinado no seu día entre Telefónica de España e este Concello, e que os recibos correspondentes o Pabellón do Colexio M^a Inmaculada e o Cemiterio, deberanse pasar o cobro a seus propietarios, tanto estes como os posibles impagados anteriores.

2.20.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 7338, de data 14 de novembro de 2007, remitindo informe sobre o procedemento de corte a impagados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á asesoría Xurídica do Concello para que procede o seu estudio.

2.21.- Escrito da Dirección Xeral de Administración Local-Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 7318, de data 14 de novembro de 2007, comunicando que a partir do día 15 de novembro o portal dos concellos de Galicia “Eido local” cambia, pasándose a denominar “portal da administración local de Galicia Edido Local”, afectando a súa imaxe, estruturación e contidos, ademais de cambiar o seu soporte técnico para, así, acadar un funcionamento mais áxil e dar un mellor servizo, polo que os usuarios do mesmo levarán acabo unha serie de actuacións que se acompañan a este escrito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado das instrucións remitidas ós usuarios que o concello ten no Eido Local.

2.22.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 7314, de data 14 de novembro de 2007, remitindo enquisa para súa cumplimentación, referida a todas as instalacións deportivas existentes no concello, tanto de titularidade pública como privada, sempre e cando sexan de uso público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado da mesma o Concelleiro de Deportes e unha vez cumprimentada remítilla á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte.

2.23.- Escrito do Servizo de Acción Social da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7308, de data 14 de novembro de 2007, remitindo información recibida na Deputación procedente da Federación Española de Municipios e Provincias en relación ó Servizo de Teleasistencia Móvil para Víctimas de Violencia de Xénero.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Concelleira de Servizos Sociais.

2.24.- Escrito da Directora Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 7306, de data 14 de novembro de 2007, comunicando que o vindeiro día 27 de novembro, as 10:30 h., terá lugar na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) no concello de A Estrada, unha xornada de debate sobre a aplicación e interpretación da Lei 4/2007 do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A Xunta de Goberno, acorda quedar enterada deste escrito.

2.25.- Escrito da Dirección do CEIP de Silleda, Rexistro de Entrada nº 7304, de data 14 de novembro de 2007, indicando que o servizo de limpeza que se está a levar a cabo no pavillón do ximnasio resulta insatisfactorio, pois hai determinadas zonas como as escaleiras ou a aula situada na planta alta do mesmo que non foron visitadas ata o de agora pola persoa encargada da limpeza, polo que tratándose dunha empregada municipal solicita que por parte da Alcaldía se tomen as medidas correctoras oportunas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito a traballadora encargada da limpeza, D^a Paz Vázquez Fernández, para que alegue o que estime oportuno mediante unha entrevista coa Alcaldía.

2.26.- Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7194, de data 08 de novembro de 2007, remitindo decisión da mencionada Dirección Xeral, de data 26 de outubro de 2007, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual do plan parcial do parque empresarial Área 33, situado no lugar da Mera (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslido deste escrito á oficina técnica municipal.

2.27.- Escrito do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canales e Portos de Galicia, Rexistro de Entrada nº 7258, de data 13 de novembro de 2007, indicando a designación como coordinador de seguridade e saúde do colexio, nº 13115, a D^o Gustavo D. Flores Martínez por Xestur Pontevedra no proxecto de Urbanización do Parque Empresarial Área-33-Marxen A (Silleda), quedano o seu nomeamento rexitado con data 11d e outubro de 2007, coa referencia 24301.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada e remitir este escrito á oficina técnica municipal.

2.28.- Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostibel, Rexistro de Entrada nº 7266, de data 13 de novembro de 2007, remitindo modificación puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslido deste expediente á oficina técnica municipal.

2.29.- Escrito de Augas de Galicia-Demarcación Galicia Sur-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7300, de data 14 de novembro de 2007, remitindo informe favorable á modificación puntual do plan parcial do parque empresarial Área 33, no lugar da Mera (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslido deste expediente á

oficina técnica municipal.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Consultoría e Asistencia Xurídica.

Visto que en data 05 de outubro de 2.007 a Xunta de Goberno Local acordou dispoñer a apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación do contrato do servizo de “Consultoría e Asistencia Xurídica”.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de outubro de 2007, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato de conformidade co artigo 210 apartado a) do RDLex. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas

Visto que remitidas solicitudes de ofertas, unicamente se presentou a de D^a Carmen González Gómez, en data 25 de outubro de 2.007.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de outubro de 2007 procedeuse a apertura do sobre A “Documentación” faltado acreditación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias, e concedéndolle a D^a Carmen González Gómez un prazo de cinco días hábiles para presentar esta documentación.

Visto que, mediante notificación con rexistro de saída nº 1999, de data 06 de novembro de 2007, se require a D^a Carmen González Gómez para que presente a documentación anteriormente sinalada, sendo entregada a mesma mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 7186, de data 07 de novembro de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, realizada a apertura do sobre B “Proposición Económica”, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a D^a Carmen González Gómez, o contrato de “Consultoría e Asistencia Xurídica”, con estricta suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por esta Xunta de Goberno Local en data 11 de outubro de 2007

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 26.448,00 €, IVA incluído.

Terceiro.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Quinto.- Facultar ó Sr. Alcalde, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en

documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

3.2.- “1ª Fase de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión correspondente o día 05 de outubro de 2007, aprobouse o proxecto “1ª Fase de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”, confeccionado polo Arquitecto Dº Miguel del Río García.

Vistos:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,
- o Certificado de existencia de crédito
- os Informes de Secretaría e Intervención, de 16 de novembro de 2007

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Levanta-lo reparo de Intervención.

Segundo.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato.

Terceiro.- Aproba-lo gasto correspondente por importe de execución material de 120.000,00 €.

Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato.

Quinto - Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1. - Expediente de contratación do suministro para “Adquisición dun vehículo especialmente deseñado para intervencións en vías de poboación ou interurbanas de difícil acceso”.

Dase conta pola Alcaldía Presidencia da factura e acta de recepción dun vehículo especialmente deseñado para intervencións en vías de poboación ou interurbanas de difícil acceso, matrícula 9619-FXD, nº de bastidor VSKCVND40UO248493.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º. - Aproba-la Acta de Recepción da do mencionado vehículo, de data 09 de novembro de 2007.

2º.- Aproba-la factura presentada por Bull Fuego S.L., Rexistro de Entrada nº 7236, de data 09 de novembro de 2007, e que se describe a continuación:

Fecha	Nº	Proveedor	Concepto	Importe
-------	----	-----------	----------	---------

Factura	Factura			
09.11.07	605	Bull Fuego S.L.	Suministro de vehículo contra incendios e salvamento para intervencións en vías de poboación ou interurbanas de difícil acceso. Marca Nissan, modelo Navara XE dobre cabina 171 CV. Matrícula 9619-FXD. N° Bastidor VSKCVND40UO248493	65.500,00 □□□

3º.- Remitir este acordo á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

4.2.- Escrito da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 7311, de data 14 de novembro de 2007, remitindo resolución de concesión de subvención, por importe de 13.254,79 □□□, ó abeiro da Orde do 13 de abril de 2007 da Consellería de Sanidade, pola que se regula a concesión de subvencións a entidades locais para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o traballador municipal Dº Juan Carlos Peteiro.

4.3.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7307, de data 14 de novembro de 2007, remitindo resolución na que indica que: “En relación con la concesión de subvención, al Ayuntamiento de Silleda, para la obra nº 178/100 denominada “Transformador para Alumbrado Glorietta CN-525” incluída en el PAM/05, Libre Disposición, por importe de 28.040,00 Euros, dado que la citada Entidad Local solicita la renuncia a la misma, se anula y deja sin efecto la resolución Presidencial, nº 004094 de 04.04.05.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Licencia de parcelación/agrupación.

5.1.1.- Dase conta da solicitude presentada por D. Horacio García Rodríguez, en representación de PROMOCIÓN INMOBILIARIA H&M, S.L., Rexistro de Entrada nº 6849, de data 22 de outubro de 2007, con domicilio na rúa México, 35-esq. Rúa Ecuador - Local C de Vigo, solicitando parcelación en dúas partes da finca situada na paraxe denominada “Chousiño o Castaña”, na rúa D esquina estrada N-525 (Silleda).

Visto o informe xurídico, de data 08 de novembro de 2008 e o informe técnico de data 06 de novembro de 2007, no que se sinala:

“1º.- A finca matriz que se sinala no proxecto técnico (asinado polo arquitecto técnico don José Mario Barreira Cuñarro e visado polo Colexio de Aparelladores e

Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 18 de outubro de 2.007) aportado coa solicitude ten unha superficie de 3.535,42 m², e sitúase parte dela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC) e outra parte en Solo Urbanizable Non Programado Residencial (SUNP/R).

Conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, é divisible e cumpre co establecido na Sección 4ª (parcelacións), artigo 204, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Os seus lindeiros son os seguintes:

*Norte: Estrada N-525 (Santiago-Ourense) e rúa D
Sur: Benito Pérez Couto
Este: María Lázara Sanmartín
Oeste: Jesús Lázara Orrea e outros*

2º.- Preténdese parcelar en dous dita finca matriz, que quedaría do seguinte xeito:

- Finca segregada: Cunha extensión superficial de 1.687,67 m², sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbanizable Non Programado Residencial (SUNP/R) sendo os seus lindeiros:

*Norte: Estrada N-525 (Santiago-Ourense) e resto da finca matriz.
Sur: Benito Pérez Couto
Este: María Lázara Sanmartín.
Oeste: Resto da finca matriz.*

- Resto da finca matriz: Cunha extensión superficial de 1.847,75 m², sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC), sendo os seus lindeiros:

*Norte: Estrada N-525 (Santiago-Ourense) e rúa D
Sur: Benito Pérez Couto e finca segregada
Este: Finca segregada
Oeste: Jesús Lázara Orrea e outros.*

3º.- As parcelas resultantes da parcelación cumpren coas condicións establecidas no vixente PXOM e na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licencia de parcelación solicitada.”

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da licencia de parcelación

solicitada.

5.1.2.- Dase conta da solicitude presentada por D^a. Susana Penido Conde, en representación de INDEGA S.C.G., Rexistro de Entrada n^o 4500, de data 04 de outubro de 2007, con domicilio na estrada Silleda a Siador, s/n (Silleda), solicitando agrupación de tres fincas (coas referencias catastrais 36052A048003920000KP, 36052A048003950000KF e 36052A048003960000KM) situadas no marxe esquerdo da estrada provincial n^o 6503 (Silleda-Siador-Refoxos), na zona denominada As Ferreiras (Silleda).

Visto o informe xurídico, de data 02 de novembro de 2008 e o informe técnico de data 29 de outubro de 2007, no que se sinala:

“1^o.- As parcelas que se pretenden agrupar describíense do seguinte xeito:

a) Finca 36052A048003920000KP (polígono 48, parcela 392). Cunha superficie de 11.363,00 m². Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Finca n^o 395*
- Sur: Constante Varela, Julio Carballo, Eugenio e María Seoane e outros.*
- Este: Constante Varela, Julio Carballo, Eugenio e María Seoane e outros e estrada provincial n^o 6503 (Silleda-Siador-Refoxos).*
- Oeste: Constante Varela, Julio Carballo, Eugenio e María Seoane e outros.*

b) Finca 36052A048003950000KF (polígono 48, parcela 395). Cunha superficie de 11.202,00 m². Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Fincas números 396 e 397, Pilar Fondevila Otero e José Val Otero.*
- Sur: Finca n^o 392.*
- Este: Estrada provincial n^o 6503 (Silleda-Siador-Refoxos).*
- Oeste: Herdeiros de Carmen Arceo e Rosa Lorenzo.*

c) Finca 36052A048003960000KM (polígono 48, parcela 396). Cunha superficie de 2.307,00 m². Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Pilar Fondevila Otero e José Val Otero.*
- Sur: Finca n^o 395.*
- Este: Pilar Fondevila Otero e José Val Otero.*
- Oeste: Finca n^o 397.*

2^o.- Preténdese agrupar as tres parcelas nunha soa, que quedaría do seguinte xeito:

- Parcela resultante da agrupación: Cunha superficie de 24.872,00 m². Os seus lindeiros son os seguintes:*

- Norte: *Fincas números 397 e 401*
- Sur: *Camiño e fincas números 327, 328, 346, 349, 350, 351, 354, 355 e 381.*
- Este: *Fincas números 346, 349, 350, 351, 354, 355, 381 e 389.*
- Oeste: *Estrada provincial nº 6503 (Silleda-Siador-Refoxos) e finca nº 397.*

Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licencia de agrupación solicitada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licencia de agrupación solicitada.

5.1.3.- Dase conta da solicitude presentada por D^o. Cesáreo Leira López, Rexistro de Entrada nº 4661, de data 15 de outubro de 2007, con domicilio no lugar de Barral, nº 4, parroquia de Cortegada (Silleda), solicitando agrupación de tres fincas (coas referencias catastrais 36052R501051230000QD, 36052R501003520000QG e 36052R501003540000QP) situadas no lugar de Barral, parroquia de Cortegada (Silleda).

Visto o informe xurídico, de data 02 de novembro de 2008 e o informe técnico de data 29 de outubro de 2007, no que se sinala:

“1º.- As parcelas que se pretenden agrupar describíense do seguinte xeito:

a) Finca 36052R501003520000QG (zona 2, polígono 501, parcela 352). Cunha superficie de 2.030,00 m2. Nesta finca atópase a vivenda unifamiliar do promotor (cunha superficie en planta de 200 m2). Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: *Coas fincas números 354 e 5.123 de polígono 501 do plano catastral.*
- Sur: *Con camiño Barral-A Mina.*
- Este: *Con camiño.*
- Oeste: *Con camiño Barral-A Mina, con vivenda a nome de don José Luis Leira Rodríguez e con Esther Jesusa Iglesias Rey.*

b) Finca 36052R501003540000QP (zona 2, polígono 501, parcela 354). Cunha superficie de 3.738,00 m2. Nesta finca atópase o establo do promotor (cunha superficie en planta de 602 m2). Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: *Con Américo Carballude Estévez.*
- Sur: *Coa finca nº 352 do polígono 501 do plano catastral.*
- Este: *Con camiño.*
- Oeste: *Coa finca nº 5123 do polígono 501 do plano catastral e con Esther Jesusa Iglesias Rey.*

c) Finca 36052R501051230000QD (zona 2, polígono 501, parcela 5123). Cunha superficie de 840,00 m2. Esta finca está composta dunha parte improductiva, zona

dedicada a recría de gando ovino (cunha superficie de 221 m2), zona ocupada por árbores froiteiros e unha pequena horta. Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Coa finca nº 354 do polígono 501*
- Sur: Coa finca nº 352 do polígono 501*
- Este: Coa finca nº 354 do polígono 501*
- Oeste: Coa vivenda a nome de don José Luis Leira Rodríguez*

2º.- Preténdese agrupar as tres parcelas nunha soa, que quedaría do seguinte xeito:

- Parcela resultante da agrupación: Cunha extensión superficial de 6.608,00 m2. Sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Rústico. Esta parcela estaría composta das seguintes construción (vivenda unifamiliar do promotor, establo e zona de recría) que ocuparían unha superficie en conxunto de 1.023,00 m2. O resto da parcela estaría na súa maioría a prado ou labradío, agás unha pequena zona onde está situada unha pequena horta e algúns árbores froiteiros.

Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licencia de agrupación solicitada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licencia de agrupación solicitada.

5.2.- Actividades Clasificadas:

5.2.1.- Examinado o expediente promovido por Dº LUIS LÓPEZ TROITIÑO, en virtude de instancia nº 3524 de data 03 de agosto de 2007, solicitando Licencia de actividade para ampliación de explotación de gando vacún, a situar na finca nº 421, polígono 7, do plano de concentración parcelaria de Negreiros-Margaride, chamada Panasqueira, nas proximidades do lugar de Sachocos, parroquia de Negreiros (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 04 de setembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 13 de novembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3524/07 instada por Dº LUIS LÓPEZ TROITIÑO, para ampliación de explotación de gando vacún, a situar na finca nº 421, polígono 7, do plano de concentración parcelaria de Negreiros-Margaride, chamada Panasqueira, nas proximidades do lugar de Sachocos, parroquia de Negreiros (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emitan Informe previo á concesión da correspondente licencia, unha vez obtida a autorización autonómica previs solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e remitirase o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

5.2.2.- Examinado o expediente promovido por TALLERES UNIÓN-SILLEDA, S.L., en virtude de instancia nº 4092 de data 28 de setembro de 2006, solicitando Licencia de actividade correspondente a construción e apertura de nave (de planta baixa) para dedicala a taller mecánico, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en Sesión 7-marzo-2002, as parcelas son as números 4 e 6 da mazá nº 4, segundo proxecto da Arquitecta Dª Julia Vilas Cruz e o Enxeñeiro Industrial Dº Leopoldo Cid González, visado polos Colexios Oficiais en data 27 de marzo de 2007 (Arquitectos) e 19 de setembro de 2006 (Enxeñeiros Técnicos) co nº 20063595, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 13 de novembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible

repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolo que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4092/06 instada por TALLERES UNIÓN-SILLEDA, S.L., para construción e apertura de nave (de planta baixa) para dedicala a taller mecánico, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en Sesión 7-marzo-2002, as parcelas son as números 4 e 6 da mazá nº 4, condicionada a presentación do oficio de dirección das obras asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.2.3.- Licencia Nº 1750/07. Visto o expediente instruído a instancia de D^a Ana Souto Rey, en representación de CRESPO Y SOUTO, C.B., solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a zapatería e complementos, a situar na rúa Santa Olaia, nº 7-baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 19 de outubro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7007, de data 29 de outubro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, sen perxuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu otorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade e coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.2.4.- Licencia Nº 2958/07. Visto o expediente instruído a instancia de D^a MARIA SONIA GARCIA DOBARRO, solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a clínica fisioterapia, a situar na rúa Santa Olaia, nº 7-baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 22 de outubro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7005, de data 29 de outubro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD, produción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, sen perxuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu otorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A traballar coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as

prescripci3ns legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.2.5.- Licencia Nº 1363/07. Visto o expediente instruído a instancia de LA CAIXA, solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a oficina bancaria, a situar na rúa Avda. do Parque, nº 18-baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 19 de outubro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7006, de data 29 de outubro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD, produción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, sen perxuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu otorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuídas, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A traballar coas portas e as fiestras pechadas. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripci3ns legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a

cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.3.- Estudio de detalle e proxecto de urbanización do entorno da Travesa do Campo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Con data 16 de Xullo de 2007 e cos antecedentes consignados en dita resolución acordouse pola alcaldía :

1 - .Dispoñer a paralización cautelar inmediata das obras iniciadas pola promotora Nova Carballeira 2002 S.L o abeiro do proxecto de urbanización da rúa travesa do campo.

2.- Ordear a policía local que proceda, en caso de ser necesario, o precintado da obra e dos materiais e maquinaria existente na construción citada, debendose levantar acta de tales feitos para a súa inclusión no expediente, dando conta a alcaldía das incidencias que se produzan.

3.- Someter á decisión da Xunta de Goberno local , como órgano que aprobou o proxecto de urbanización da rúa travesa do Campo, a iniciación do procedemento de revisión de oficio da devandita licencia de urbanización, que se tramitara o disposto na lei 30/92 do 26 de Novembro de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común solicitando informe xurídico para o efecto.

SEGUNDO: Que, pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 3 de agosto de 2007 adoptouse o seguinte acordo:

“4.3.- Revisión de oficio.

Visto que en data 17 de xullo de 2.007, con número de rexistro de entrada 3.224, presentouse escrito por Dona Julia María Carballo Arceo, interponiendo recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización da rúa Travesa do Campo, adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de agosto de 2.006 e solicitando a inmediata paralización das obras realizadas ó amparo do proxecto de urbanización pola promotora Nova Carballeira 2002, S.L.

Visto que no devandito escrito pónse de manifesto a posible nulidade de pleno dereito tanto do citado proxecto de urbanización como do previo estudio de detalle da rúa Travesa do Campo, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14 de xullo de 2.005 e que non foi obxecto de aprobación definitiva expresa.

Visto que examinados os expedientes tramitados para a aprobación do estudio de detalle e do proxecto de urbanización da rúa Travesa do Campo, a aprobación dos mesmos pola Administración Pública podería estar incursa en nulidade de pleno dereito pola

concorrenca en ambos expedientes dunha das causas enumeradas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, cuio apartado f) sinala como nulos de pleno dereito os actos expresos ou presuntos contrarios ao Ordenamento Xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar que se emita informe por Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para, no seu caso, declarar a nulidade de pleno dereito do estudio de detalle da rúa Travesa do Campo, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2.005, así coma do proxecto de urbanización sobre a mesma rúa, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2.006.”

TERCEIRO: Vistos os informes técnicos e xurídicos, de data 30 de outubro e 12 de novembro de 2007 respectivamente, e existindo dous recursos contencioso- administrativos interpostos por doña María Sira Fontao González e doña M^a Julia Carballo Arceo sobre a aprobación do estudio de detalle da rua “ Travesa do Campo”, así como a documentación que a eles se adxunta , en especial :

1. O informe da Consellería de Política territorial , obras públicas e vivenda onde se asevera que este estudio de detalle modifica o sistema xeral viario previsto alterando as condicións de ordenación dos predios colindantes así como que modifica sensiblemente a xeometría inicial da zona verde.
2. O informe do colexio de arquitectos acerca da idoneidade do estudio de detalle para habilitar a actuación prevista ,concluindo que sería necesario o emprego doutro instrumento de planeamento (modificación puntual)

Constatándose por esta xunta de goberno local, as seguintes irregularidades:

1º.- que no expediente do proxecto de urbanización existe unha declaración do administrador único de Nova Carballeira 2002 con selo rexistro de entrada de 7 de xuño de 2006 na que se manifesta ser o único propietario de todos os bens e terreos afectados polo proxecto de urbanización para o que se solicita licenzia municipal, cando hai mais propietarios afectados, –o menos: D^a María Sira Fontao González, Hrdos. de D^o Julio Carballo, D^o Rodrigo Gil, D^o José Taín Taboada.

2º- Que aparecen no proxecto de estudio de detalle aprobado, grafiados os dous edificios para os que Caballeira 2002 solicitou licenzia

3º- Que sexan os mesmos técnicos (don José Luis Pérez Donsión e doña Pilar Vence Lodeiro: Estudio Deza- Sete S.L) os que suscriben o proxecto de estudio de detalle aprobado definitivamente, así como o proxecto de urbanización , así como os proxectos para os dous edificios grafiados propiedade de Carballeira 2002.

4º- Que a aprobación definitiva do estudio de detalle fíxerase por estimación dun recurso de reposición presentado por Nova Carballeira 2002 (que en ppio. non era promovente , nin interesado ...),Sendo a decisión a adoptar por esta Xunta de Goberno de revisar a aprobación deste estudio de detalle e máis do proxecto de urbanización.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO .- Iniciar o procedemento de revisión de oficio da aprobación do estudio de detalle da rua travesa do campo , e máis da aprobación do proxecto de urbanización desta mesma rúa ,segundo os pasos establecidos no informe xurídico emitido por secretaria, principiando por dar traslado deste acordo ó consello consultivo para que emitan o preceptivo informe.

SEGUNDO.- Suspende os efectos do estudio de detalle aprobado e máis do proxecto de urbanización por constituír un perxucio de imposible ou difícil reparación a urbanización e edificación dunha zona do núcleo urbano de Silleda segundo o disposto nun estudio de detalle que altera a configuración dos viais,modifica as aliñacións do PXOM , invade zona verde e altera a edificabilidade dos predios afectados por este estudio de detalle e polo correspondente proxecto de urbanización; actuacións que de permitirse constituirían unha infracción urbanística moi grave. Ademais ,de non suspenderse inmediatamente os efectos deste estudio de detalle e do proxecto de urbanización , de permitir que se principien as obras (só se observa no terreo unha pequena explanación) permitiríase que se levasen a cabo construcións que inevitablemente habería que derrubar en cumprimento da legalidade vixente,podendo resultar afectados terceiros adquirentes de boa fe.

TERCEIRO: Notificarlle a presente Resolución a tódolos interesados .

CUARTO.- Dar traslado deste acordo o tribunal superior de xustiza de Galicia , sección 2º, onde se están a tramitar os procedementos contencioso- administrativo interpostos por Dona Julia María Carballo Arceo e D. Luis Xulio Carballo Arceo (procedemento nº 4009/2007)e por Dona María Sira Fontao González (procedemento nº 4028/2007).

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00023-07, de data 16 de novembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 35.803,83 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaseis horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,